



PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL

C.E.I.P. PLURILINGÜE AMADEO RODRÍGUEZ BARROSO**CURSO 2021-2022****ÍNDICE**

1.- Contexto.....	3
2.- Xustificación	4
3.- Obxectivos xerais de ciclo.....	5
4.- Proposta curricular por áreas	6
4.1.- Área de coñecemento de si mesmo e autonomía persoal.....	7
4.2.- Área de coñecemento do contorno.....	10
4.3.- Área de comunicación e representación.....	14
4.4.- Área de lingua estranxeira-inglés	18
4.5.- Área de relixión católica.....	19
5.- Competencias básicas	21
6.- Metodoloxía.....	22
7.- Medidas de atención á diversidade.....	25
8.- Materiais e recursos	26
9.- Procedementos e instrumentos de avaliación.....	28
10.- Criterios de promoción	29
11.- Actividades complementarias	30
12.- Concreción do plan de convivencia	30
13.- Plan das tecnoloxías da información e da comunicación.....	31
14.- Actividades para o desenvolvemento do proxecto lector	33

1. CONTEXTO

O CEIP Plurilingüe AmadeoRodríguez Barroso é un centro público, dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que imparte as etapas de Educación Infantil (2º ciclo) e Educación Primaria.

A etapa de Educación Infantil conta con 6 unidades (dúas por nivel), nas que están escolarizados un total de 125 alumnos/as, repartidos do seguinte xeito:

Grupos	4ºA	4ºB	5ºA	5ºB	6ºA	6ºB
Número de alumnos/as	25	25	24	24	21	22

As características globais dos grupos poden considerarse representativas da poboación da localidade no seu intervalo de idade. Entre as necesidades educativas especiais presentes na etapa, cabe destacar: algún alumnado con trastorno xeneralizado do desenvolvemento, alumnado de espectro autista alumnado con parálise cerebral, déficits de atención e problemas de linguaxe (articulación de fonemas destacando o /r/, dislalias, construción de oracións...).

En canto ao profesorado, están cubertos todos os postos de traballo que se contemplan para a etapa no último catálogo publicado pola administración: seis titoras e dúas mestras de apoio de apoio. Completan o equipo docente de infantil dez profesores especialistas que imparten clase tamén en primaria, ademais dunha mestra especialista en inglés compartida co CEIP O Couto e co CEIP Mestre Vide.

Titoras:

Grupo	Titora	Situación administrativa
4º A	Celsa Sotelo González	Definitiva
4º B	Mª Jesús Presas Valente	Definitiva
5º A	Rocío González Masid	Definitiva
5º B	Luz Mª Doval Gestal	Definitiva
6º A	Mª Esther Fernández Nuñez	Definitiva
6º B	Mª Mercedes González Senaz	Definitiva

Profesoras de apoio:

Profesora	Situación administrativa
Marta Belén Álvarez Fernández	Definitiva
M ^a Teresa LageLage	Definitiva

Outro profesorado (especialista):

Profesora	Especialidade	Situación Admin.
Juan Antonio SaburidoEnriquez	Inglés	Definitivo
María Torrado Pousa	Audición e Linguaxe	Provisional
Isaura Rodríguez Gómez	Audición e Linguaxe	Definitiva
María Franco Soto	Audición e Linguaxe	Provisional
Josefa González Fernández	Pedagogía terapéutica	Definitiva
Uxía Xende Magallais Cotilla	Pedagogía Terapéutica	Provisional
Fátima Rodríguez Adán	Pedagogía Terapéutica	Provisional
M ^a Teresa Suárez González	Relixión católica	Definitiva
Marisol Lorenzo Gómez	Relixión católica	Provisional
Leticia Pastora Carrera Dasilva	E. Física	Definitiva
M ^a Salomé Salgado Rodríguez	Plurilingüismo	Provisional (compartida)

O traballo do profesorado que imparte clase en infantil será sempre en equipo, acordando os mesmos obxectivos por nivel, e facendo para elo actividades de pequeno grupo e gran grupo favorecendo a interacción e o desenvolvemento dos nenos e nenas desta etapa.

Considerando a realidade sociolingüística das familias que forman parte da comunidade educativa do centro, a lingua vehicular é o castelán xa que a maioría do alumnado é castelán falante, aínda que se vai introducindo o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia de xeito progresivo, tal e como se establece na lexislación vixente, a través das actividades da aula e tamén con propostas de colaboración coas familias, fomentadas polo equipo de dinamización da Língua Galega, polo equipo da biblioteca e das actividades extraescolares. Tamén se fomenta a introducción da segunda lingua estranxeira coa incorporación ao plurilingüismo dende 4º de infantil que foi proposto pola Consellería de Educación.

O centro dispón ademais de transporte escolar e de comedor, sendo significativo o número de alumnos/as de educación infantil que utilizan estes servizos.

2. XUSTIFICACIÓN

A elaboración desta programación está baseada na lexislación vixente:

- LOE: Lei Orgánica 2/2002, de 3 de maio, de educación.
- D. 330/ 2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo de educación infantil para a Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde 25 de xuño de 2009, pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo na Comunidade Autónoma de Galicia.

En base a lexislación vixente, esta pretende ser unha programación aberta e flexible, dándolle moita importancia á comunicación e coordinación coas familias, elaborando así unha educación conxunta de familia e escola.

Por outra banda todos os contidos e experiencias que se levarán a cabo na aula estarán organizadas de forma globalizada en torno as tres áreas de coñecemento:

- Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal.
- Coñecemento do contorno.
- Linguaxes: Comunicación e representación

Así mesmo tratarase de introducir aos nenos/as nas competencias básicas que marca a LOE, e que se deberán alcanzar ao longo do ensino básico, pero que tal e como se indica no anexo II do decreto deberán iniciarse dende o comezo da escolarización.

3. OBXECTIVOS XERAIS DE CICLO

- a) Coñecer o seu propio corpo e o dos outros, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
- b) Observar e explorar o seu medio familiar, natural e social.
- c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- d) Desenvolver as súas capacidades afectivas.
- e) Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e de relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.
- f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lectoescritura e no movemento, no xesto e no ritmo.
- h) Sentir o xesto, o movemento e o ritmo como recursos para a expresión e a comunicación.

- i) Achegarse, na medida do posible ao uso das tecnoloxías da información e da comunicación.
- j) Iniciarase na destreza oral na Lingua Estranxeira (inglés)
- k) Adquirir autonomía na hixiene e no desenvolvemento para adaptarse á nova realidade.

4.- PROPOSTA CURRICULAR POR ÁREAS

4.1. ÁREA DE COÑECEMENTODE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

4.1.1. OBXECTIVOS

- Coñecer e presentar o seu corpo, os seus elementos e algunhas das súas funcións.
- Identificar os propios sentimentos, emocións, necesidades ou preferencias, e ser quen de denominalos, expresalos e comunicarllelos aos demais, descubriendo e respectando tamén os dos outros.
- Formarse unha imaxe discriminatória, valorando positivamente ,respectando e aceptando as diferenzas.
- Descubrir as posibilidades de acción e de expresión coordinando e controlando xestos e movementos cada vez con maior precisión, valorando as posibilidades e as limitacións propias e as dos demais.
- Comprender e aceptar as regras de xogo, participando na súa regulación e valorando a súa necesidade.
- Aplicar a coordinación visomotora e as habilidades manipulativas en actividades gráficas,adaptando o ton e a postura ás características do obxecto e da acción.
- Realizar, de maneira cada vez máis autónoma, actividades habituais e tarefas sinxelas para resolver problemas da vida cotiá.
- Adquirir e aplicar hábitos elementais de organización, de constancia, de atención, de iniciativa e de esforzo.
- Axeitar o seu comportamento ás necesidades e aos requirimentos dos outros, desenvolvendo actitudes e hábitos de respecto, de axuda e de colaboración,evitando comportamentos de submisión e de dominio.
- Progresar na adquisición de hábitos e de actitudes relacionados coa seguridade,coa hixiene e co fortalecemento da saúde, apreciando e gozando das situacións cotiás de equilibrio e de benestar emocional.
- Pedir e aceptar axuda nas situacións que o requiran.
- Colaborar no mantemento de ambientes limpos e ordenados.

4.1.2. CONTIDOS

4º CURSO	5º CURSO	6º CURSO
<p>O corpo e a propia imaxe:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Exploración do propio corpo: esquema corporal. -Sensacións e percepcións. -Identificación e manifestación de sentimentos propios e dos outros. -A autoestima: identificación e valoración de características persoais. -Lateralidade: estimulación sensorial. <p>Xogo e movemento:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Nocións básicas de orientación en espazos e en labirintos. -Exploración e valoración das posibilidades perceptivas motrices e expresivas, propias e dos outros. -Psicomotricidade: actividade motriz. -Xogos con obxectos. -Circuíto. -Relaxación. -Control postural: o corpo e o movemento. <p>-Comprensión, valoración e aceptación de regras para xogar.</p>	<p>O corpo e a propia imaxe:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Exploración do propio corpo.- -Lateralidade: lados dereito e esquerdo. -Esquema corporal. -Identificación e valoración progresiva das características propias e dos outros. -Identidade sexual. -Identificación e utilización dos sentidos: sensacións e percepcións. - Discriminación auditiva e visual. -Identificación, expresión e valoración de sentimentos propios e alleos: alegría, tristeza, enfado, medo, valentía, autocontrol, autoestima, empatía, heterocentrismo, tolerancia, afrontar a intolerancia. <p>Xogo e movemento:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Control postural, nocións básicas de coordinación de movementos e de orientación. O corpo e o movemento. -Grafomotricidade e a súa realización: traxectos e labirintos. -Exploración e valoración das posibilidades e limitacións perceptivas, motrices e expresivas, propias e dos outros. -Psicomotricidade: actividade motriz, xogo con obxectos, circuíto, relaxación. 	<p>O corpo e a propia imaxe:</p> <ul style="list-style-type: none"> -O corpo humano: exploración. -O esquema corporal: localización e representación. - Os sentidos: sensacións e percepcións. -Lateralidade: dereita- esquerda. -Percepción dos cambios físicos propios e da súa relación co paso do tempo. -Identificación, expresión e denominación de emocións e de sentimentos, propios e alleos, e o seu control progresivo. -Formación dunha imaxe positiva de si mesmo . -Valoración positiva e respecto polas diferenzas, evitando actitudes discriminatorias. <p>Xogo e movemento:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Gusto polo xogo. -Coñecemento, comprensión e aceptación das regras de xogo. -Participación e confianza nas propias posibilidades. -Progresivo control do ton, do equilibrio e da respiración. -Psicomotricidade: actividade motriz, xogo con obxectos, circuíto e relaxación. -Deportes e xogos de auga. - Nocións básicas de orientación e de coordinación de movementos. -Labirintos e a súa resolución. <p>-Realización de actividades grafomotrices.</p>

<p>A actividade e a vida cotiá:</p> <ul style="list-style-type: none"> -As actividades da vida cotiá. Iniciativa e progresiva autonomía na súa realización. -Hábitos elementais de organización, de constancia, de atención, de observación e de esforzo. -Habilidades para a colaboración, interacción e actitude positiva para establecer relacións de afecto e de amizade. -Satisfacción pola realización de tarefas e a súa valoración. <p>O coidado persoal e a saúde:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Práctica de hábitos saudables: hixiene corporal, alimentación completa e descanso. -Utilización axeitada de espazos, de elementos e de obxectos. -Valoración da actitude de axuda doutras persoas. 	<p>A actividade e a vida cotiá:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Hábitos elementais de observación, de atención, de interese e de esforzo. -Valoración do traballo ben feito, por un mesmo e polos outros. -A actividade da vida cotiá. Iniciativa e progresiva autonomía na súa realización. -Habilidades para a interacción e para a colaboración de forma afectuosa: axuda, solidariedade, colaboración, cooperación, amizade, amor. -Regulación dos comportamentos propios: esperar a quenda, escoitar os outros, etc <p>O coidado persoal e a saúde:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Práctica de hábitos saudables: hixiene corporal, alimentación (inxesta de alimentos variados, incluíndo os de orixe vexetal), descanso axeitado, respectando os horarios de sono e de vixilia. -Colaboración no mantemento da orde e da limpeza nos elementos do medio. -Coñecemento e valoración dalgúns factores de risco. Petición e aceptación de axuda en situacións que a requiran. Valorala. 	<p>A actividade e a vida cotiá:</p> <ul style="list-style-type: none"> -As actividades da vida cotiá. -Iniciativa e progresiva autonomía. -Normas que regulan a vida cotiá. -Hábitos elementais de organización, de atención, de iniciativa, de esforzo; observación. -Valoración e gusto polo traballo ben feito, por un mesmo e polos demais. -Habilidades para a interacción e para a colaboración: axuda, gratitude, xenerosidade, amizade e compañeirismo. <p>O coidado persoal e a saúde:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Práctica de hábitos saudables de hixiene corporal, de alimentación, de vestido e de descanso, e aceptación das normas de comportamento establecidas. -A saúde e a enfermidade. -Prevención de accidentes. -Petición e aceptación de axuda en situacións que a requiran e a súa valoración. -Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados. -Valoración axustada dos factores de risco. -Identificación e valoración crítica ante factores e prácticas sociais cotiáns que favorecen ou non a saúde.
---	--	--

4.1.3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

4º CURSO	5º CURSO	6º CURSO
<ul style="list-style-type: none"> - Coñecer o propio corpo e nomear partes del. Identificar sentimentos e emocións. - Afianzar a autoestima. Identificar o sexo propio. - Resolver labirintos. - Explorar as súas posibilidades motrices. - Participar nos xogos. - Comprender, valorar e aceptar regras para xogar. - Progresar na súa autonomía. - Manifestar hábitos de observación e de atención. - Establecer relacións de amizade. - Colaborar e prestar axuda. - Practicar hábitos saudables. - Usar axeitadamente os obxectos. - Pedir axuda e valorar a que lle prestan outras persoas. 	<ul style="list-style-type: none"> -Explorar o propio corpo. -Esquema corporal. -Identificar e valorar as propias características e as dos outros. -Identificar e utilizar os sentidos: sensacións e percepcións, discriminación auditiva e visual. -Identificar, expresar, denominar e valorar sentimentos propios e alleos: alegría, tristeza, enfado, medo, autoestima, empatía, heterocentrismo, etc. -Controlar, de xeito progresivo, o ton e o equilibrio nos xogos e nas actividades. -Coordinar e controlar, cada vez con maior precisión, as habilidades manipulativas de carácter fino. -Grafomotricidade: traxectos e labirintos. -Participar nos xogos, respectando as regras. -Manifestar satisfacción polas tarefas ben feitas. Valorar positivamente as tarefas propias e as dos outros. -Desenvolver hábitos elementais de atención, de interese e de esforzo, e habilidades para a interacción, colaboración e cooperación de forma afectuosa. -Practicar responsablemente hábitos de hixiene corporal, alimentación e descanso. -Colaborar en manter a orde e a limpeza nos elementos do medio máis próximo. -Pedir axuda en situacións que a requiran e valorala. 	<ul style="list-style-type: none"> -Recoñecer e nomear distintas partes do corpo. -Representar a figura humana. -Identificar os sentidos e as súas funcións. -Expresar e denominar emocións e sentimentos. -Amosar unha imaxe axustada e positiva de si mesmo. -Manifestar respecto e aceptación polas características propias e dos demais, sen discriminar a ninguén. -Participar activamente en distintos tipos de xogos. -Respectar as normas que rexen os xogos. -Controlar o ton e o equilibrio en actividades motrices. -Resolver labirintos. -Realizar grafos con precisión progresiva. -Amosar autonomía progresiva nas diferentes actividades cotiás. -Amosar progresivamente hábitos de organización, de atención, de iniciativa e de esforzo. -Amosar un aspecto persoal coidado. -Amosar autonomía na práctica de hábitos relacionados coa hixiene, coa alimentación, co vestido e co descanso. -Respectar as normas de seguridade. -Previr accidentes. -Participar e colaborar no mantemento de ambientes limpos e ordenados.

4.2. ÁREA DE COÑECEMENTO DO CONTORNO

4.2.1. OBXECTIVOS

- Observar e explorar os obxectos do seu medio de forma activa, percibindo atributos e calidades.
- Respetar e coidar os obxectos propios e alleos.
- Iniciarse nas habilidades matemáticas, manipulando funcionalmente, actuando sobre elementos e coleccións, identificando os seus atributos e as súas calidades, e establecendo relacións de agrupamento, de clasificación, de orde e de cuantificación.
- Utilizar a serie numérica para contar obxectos e elementos do medio e tomar conciencia da funcionalidade dos números na vida cotiá.
- Iniciarse no coñecemento do ABN partindo da realidade próxima e da manipulación
- Medir o tempo, rexistrando a data no calendario, e situar temporalmente actividades da vida cotiá.
- Observar e explorar o seu medio de forma activa, xerando interpretacións sobre algunhas situacións e feitos significativos e amosando interese polo seu coñecemento.
- Coñecer e valorar os compoñentes básicos do medio natural, os cambios e as transformacións que se producen, desenvolvendo actitudes de coidado, de respecto e de responsabilidade na súa conservación.
- Gozar das actividades en contacto coa natureza, valorando a súa importancia para a saúde e para o benestar.
- Observar e interpretar o tempo atmosférico.
- Coñecer distintos grupos sociais próximos á súa experiencia.
- Relacionarse cos demais, de xeito cada vez máis equilibrado e satisfactorio, interiorizando progresivamente as pautas de comportamento social e axustando a súa conduta a elas.
- Recoñecer algúns sinais de identidade cultural do medio.
- Participar con interese en actividades sociais e culturais.

4.2.2. CONTIDOS

4º CURSO	5º CURSO	6º CURSO
<p>Medio Físico:elementos, relacións e medida:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Os obxectos e materiais presentes no medio. Percepción e identificación das súas calidades. -Situación de si mesmo e dos obxectos no espazo: «dentro-fóra», «arriba-abaixo», «enriba-debaixo», «preto-lonxe». -Relacións de orde, seriacións, clasificacións, secuencias temporais, crebacabezas. -Interese pola exploración de obxectos de forma plana (cadrado, círculo, triángulo, rectángulo). -Achegamento á cuantificación de coleccións, utilizando o conteo como estratexia e a metodoloxía ABN. -Achegamento á serie numérica (1, 2, 3) e aos seus grafos. 	<p>Medio Físico:elementos, relacións e medida:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Situación dos obxectos no espazo e no tempo («diante-detrás», «antes- despois», «xuntos- separados», «primeiro- último», «a través»). -Interese pola exploración de obxectos do medio para identificar tamaños (regretas). -Formas planas: círculo, cadrado, triángulo, rectángulo, óvalo. -Percepción e identificación de atributos e de calidades de obxectos («alto-baixo», «encollido-estirado», «ancho-estreito», «o máis grande», «liso-rugoso», «grande- mediano-pequeno»), relacionándoos entre si (clasificacións, seriacións) 	<p>Medio Físico:elementos, relacións e medida:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Propiedades de obxectos e materiais presentes no medio. Situación de si mesmo e de obxectos no espazo: «entre», «antes de-despois de». -Propiedades de obxectos: «aberto--pechado», «rápido- lento», «pesado-lixeiro». -Composición de crebacabezas. -Formas planas: cadrado, rectángulo, rombo, óvalo e corpos xeométricos: cono, esfera. -Clasificación. -Ordenación. -Seriacións. -Cuantificadores: «hai máis-hai menos», «metade», «igual que/ca». -Nocións básicas temporais: «onte, hoxe, mañá», «mañá, tarde, noite», «antes-despois». -Ordenación temporal: historietas. - Coñecemento e utilización de ABN para: <ul style="list-style-type: none"> -Produto cartesiano. -Conteo. -A serie numérica ata o 10. -Cantidade e grafo. -Composición e descomposición do 7, 8 e 9. - A funcionalidade dos números. -Regretas. Os números ordinais: 1º, 2º, 3º, 4º,5º, 6º. -Primeiro e último. -Situacións problemáticas: suma e resta. -Medida do tempo: o calendario e o rexistro da data. -Os días da semana. -Situación temporal de actividades cotiás.

<p>Achegamento a natureza:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Identificación de elementos naturais: auga, sol, plantas, terra e as súas consecuencias. -Observación, recoñecemento e valoración dalgunhas características e cambios nos seres vivos: as estacións, ciclo vital, etc. -Observación do tempo atmosférico, os seus cambios e as súas consecuencias. -Curiosidade, coidado e respecto cara aos animais e ás plantas, e interese e gusto controlado na súa relación con eles. Alimentos de orixe vexetal e animal. 	<p>Achegamento a natureza:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Curiosidade, coidado, respecto e valoración positiva dos elementos do medio natural. -Observación de fenómenos do medio natural e formulación de conxecturas sobre as súas causas e consecuencias: as estacións. Comparación das súas características. Cambios na vida das plantas, das persoas e dos animais. Ciclo vital dalgunhas plantas e animais. -Elementos da natureza (auga, terra, aire) e a súa influencia na vida dos seres vivos. -Observación dos cambios do tempo e o seu reflexo no calendario da clase. 	<p>Achegamento a natureza:</p> <ul style="list-style-type: none"> As estacións do ano e as súas características. -As vacacións. A area, a auga e o sol: características, conservación e protección. A auga e os seus estados. -Plantas aromáticas e a súa utilidade. Ciclo vital das plantas. -Animais en distintas zonas. -Animais de axuda e de compañía, herbívoros e carnívoros. Curiosidade e respecto cara aos animais. -Conservación e protección da natureza. Gozo en actividades ao aire libre. Observación do tempo atmosférico, as súas consecuencias e o seu reflexo no calendario.
<p>A cultura e vida en sociedade:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Observación de necesidades, de ocupacións e de servizos na vida da comunidade. - Coñecer e valorar distintas profesións: mestre, xardineiro, médico. -Incorporación progresiva de pautas axeitadas de comportamento: compartir, resolver conflitos mediante o diálogo, relación equilibrada entre nenos e nenas. -Recoñecemento dalgúns sinais de 	<p>A cultura e vida en sociedade:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Identificar os primeiros grupos sociais de pertenza. Valorar o traballo e os servizos dalgúns profesionais. -Amosar interese e disposición favorable para establecer relacións respectuosas, afectivas e recíprocas con nenos e con nenas da mesma cultura e doutras culturas diferentes. -Incorporación progresiva de pautas axeitadas de comportamento. -Recoñecer algún sinal de identidade cultural do medio e participar en actividades 	<p>A cultura e vida en sociedade:</p> <ul style="list-style-type: none"> -A familia e o centro escolar como primeiros grupos sociais. -A rúa. - Observación de necesidades, de ocupacións e de servizos na vida da comunidade: profesións. -Habilidades sociais: saudar, despedirse, pedir as cousas por favor, dar as grazas. - Incorporación de pautas axeitadas de comportamento: compartir, axudar, resolver conflitos mediante o diálogo. -Interculturalidade: interese e disposición favorable para establecer relacións respectuosas, afectivas e recíprocas con nenos e con nenas doutras culturas. -Recoñecemento dos sinais de identidade cultural do medio e interese por participar neles: «Día da Paz», «O Entroido», «Día do Libro», «Día das Letras Galegas»...

identidade cultural do medio, participando con interese en actividades sociais e culturais.	grupais.	
---	----------	--

4.2.3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

4º CURSO	5º CURSO	6º CURSO
<ul style="list-style-type: none"> -Situarse no espazo. -Recoñecer formas planas. -Identificar onde «hai máis», «menos», «igual». -Utilizar a serie numérica: 1, 2, 3. -Realizar seriacións, crebacabezas, clasificacións e ordenacións. -Dicir características das estacións. -Nomear flores e animais domésticos. -Coñecer e valorar a súa relación de utilidade. -Respectar e coidar os seres vivos. -Observar o tempo atmosférico. -Coñecer e valorar profesións. -Participar en actividades culturais. -Compartir, resolver conflitos. -Relacionarse con todos e facer amigos. 	<ul style="list-style-type: none"> -Identificar situacións de obxectos no espazo e no tempo («diante- detrás», «antes-despois», «xuntos- separados», «primeiro-último», «a través»). -Identificar formas planas. -Percibir e identificar atributos e calidades de obxectos; relacionalos entre si. -Situvar temporalmente actividades da vida cotiá. -Achegarse á cuantificación de coleccións. Utilización do conteo, reparto e manipulación como estratexia de estimación e uso dos cardinais. -Coñecer a serie numérica e os seus grafos e concienciarse da súa funcionalidade na vida cotiá. -Manifestar curiosidade, coidado, respecto e valoración positiva dos elementos do medio natural. -Observar os fenómenos do medio natural. -Interesarse polos cambios que se producen na vida das plantas, das persoas e dos animais. -Coñecer os elementos da natureza. -Observar os cambios do tempo. -Identificar os primeiros grupos sociais de pertenza, as súas necesidades, ocupacións e servizos na vida da comunidade. Valorar o traballo e os servizos que algúns profesionais lle prestan á comunidade. -Amosar interese e disposición favorable para establecer relacións respectuosas, afectivas e recíprocas con nenos e con nenas da mesma cultura e doutras culturas diferentes. -Incorporar progresivamente pautas axeitadas de comportamento: compartir, axudar, cooperar, resolver conflitos mediante o diálogo, etc. -Recoñecer algún sinal de identidade cultural do medio («Día da Paz», «Día do Libro», «Día das Letras Galegas», etc.). Interese. 	<ul style="list-style-type: none"> -Identificar e nomear propiedades de obxectos: forma, cor, tamaño, peso, estados. Agrupar, ordenar e seriar elementos e coleccións. -- Discriminar e comparar magnitudes. -Identificar nocións temporais: «onte, hoxe, mañá», «mañá, tarde, noite». Ordenar historietas. -Identificar a cantidade e o grafo dos 10 primeiros números. Realizar os seus grafos. - Identificar os números ordinais ata o 5º. -Resolver situacións problemáticas de sumas. -Rexistrar a data no calendario e situar temporalmente actividades cotiás. - Nomear os días da semana. -Nomear as estacións do ano e as súas características. -Identificar e nomear plantas aromáticas. -Identificar e nomear animais herbívoros e carnívoros en distintas zonas, tanto de axuda coma de compañía. -Rexistrar o tempo atmosférico. -Realizar accións que favorecen a conservación da Natureza. -Identificar e coñecer os grupos sociais máis próximos: a familia e o centro escolar. - Respectar as normas de seguridade na rúa e nos transportes. -Identificar profesións e respectalas. -Amosar habilidades sociais e resolver conflitos. -Respectar os nenos e as nenas doutras culturas e interesarse polos seus costumes, bailes, comidas típicas, idioma. -Participar en feitos culturais do seu medio.

4.3. ÁREA DE COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

4.3.1. OBXECTIVOS

- Utilizar a lingua como instrumento de aprendizaxe, de representación, de comunicación e de gozo, e como expresión de ideas e de sentimentos, valorando a lingua oral como medio de relación cos demais e de regulación da convivencia.
- Comprender as intencións e as mensaxes doutros nenos e adultos, adoptando unha actitude positiva cara á lingua.
- Disfrutar co coñecemento **oral** da lingua estranxeira.
- Iniciarse nos usos sociais da lectura e da escritura.
- Comprender, reproducir e recrear algúns textos literarios, amosando interese.
- Iniciarse no coñecemento e na utilización dos medios audiovisuais e das TICs.
- Ver algunha produción audiovisual e facer unha valoración crítica dos seus contidos e estética.
- Expresar e comunicar emocións, sentimentos, desexos e ideas, mediante a linguaxe plástica.
- Realizar actividades de representación e de expresión artísticas.
- Achegarse ao coñecemento de obras artísticas, gozando da súa observación e da súa interpretación.
- Explorar as posibilidades sonoras da voz, do propio corpo, de obxectos cotiáns e de instrumentos musicais.
- Participar activamente e gozar na interpretación de cancións, de xogos musicais e de danzas.
- Descubrir e experimentar con xestos e con movementos, como recursos corporais para a expresión e para a comunicación.
- Participar en actividades de dramatización, danzas, xogo simbólico e xogos de expresión corporal.
- Disfrutar da utilización dos beebots, como método para facilitar a expresión e a comprensión dunha maneira lúdica.

4.3.2. CONTIDOS

4º CURSO	5º CURSO	6º CURSO
<p>Linguaxe verbal:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Utilización e valoración progresiva da lingua oral para evocar e relatar feitos reais ou fantásticos, para expresar e comunicar ideas ou sentimentos. -Utilización axeitada das normas que rexen o intercambio lingüístico. -Uso progresivo do vocabulario básico e do de cada unidade, de forma comprensiva e con pronunciación clara e correcta. -Achegamento ao uso da lingua escrita: discriminación de palabras, de imaxes e de pictogramas, e interpretación deles formando frases. -Realización de diferentes grafos, respectando a direccionalidade correcta. -Uso gradualmente autónomo de diferentes soportes da lingua escrita. -Comprensión da idea global dalgúns contos populares e doutros, identificando e nomeando os protagonistas e algún outro personaxe deles. -Comprensión dalgúns poemas, trabalinguas e adiviñas. Reprodución oral dalgún fragmento deles. 	<p>Linguaxe verbal:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Utilización e valoración progresiva da lingua oral para evocar e relatar feitos reais ou fantásticos, para expresar e comunicar ideas ou sentimentos. -Utilización axeitada das normas que rexen o intercambio lingüístico. -Uso progresivo do vocabulario básico e do de cada unidade, de forma comprensiva e con pronunciación clara e correcta. -Achegamento ao uso da lingua escrita: discriminación de palabras, de imaxes e de pictogramas, e interpretación deles formando frases. -Realización de diferentes grafos, respectando a direccionalidade correcta. -Uso gradualmente autónomo de diferentes soportes da lingua escrita. -Comprensión da idea global dalgúns contos populares e doutros, identificando e nomeando os protagonistas e algún outro personaxe deles. -Comprensión dalgúns poemas, trabalinguas e adiviñas. Reprodución oral dalgún fragmento deles. 	<p>Linguaxe verbal:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Utilización da lingua oral para comunicar e para expresar ideas, pensamentos e desexos. -Utilización axeitada das normas que rexen o intercambio lingüístico. -Respectar a quenda de palabra, escoitar con atención e con respecto. -Uso dun léxico preciso e variado. -Estruturación gramatical correcta. -Entoación e pronunciación clara. -Interese pola análise dos aspectos fónicos das palabras. -Segmentación de palabras en sílabas. -Achegamento ao uso da lingua escrita. -Utilización da biblioteca con respecto e con coidado. -Textos de tradición literaria: poemas, adiviñas, trabalinguas, refráns, contos.

<p>Linguaxe audiovisual e tecnoloxías de información e da comunicación:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Iniciación no coñecemento e no uso de instrumentos tecnolóxicos: ordenador, cámara fotográfica, teléfono... como elementos de comunicación. -Concienciación progresiva da necesidade do uso moderado dos medios audiovisuais e das tecnoloxías da Información e da comunicación. <p>Linguaxe artística:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Experimentación e descubrimento das cores primarias: verde, rosa, branca e negra. -Interpretación e valoración dalgúns obras de arte. -Realización de obras plásticas con diferentes materiais e técnicas: láminas, obradoiros, debuxo libre. -Recoñecemento de sons do medio natural e social e de instrumentos musicais. -Audición interesada de obras musicais. Identificación de contrastes básicos. -Interpretación de cancións. 	<p>Linguaxe audiovisual e tecnoloxías da información e da comunicación:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Concienciación progresiva do uso moderado e valoración dos medios audiovisuais e das tecnoloxías da Información e da Comunicación. -Iniciación no coñecemento e valoración da utilidade dalgún deles, intentando comprender o seu funcionamento de forma elemental. <p>Linguaxe artística:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Experimentación, manipulación e descubrimento dalgúns elementos plásticos e diferentes cores. -Interpretación e valoración de obras de arte de diferentes autores. -Expresión e comunicación de feitos, de emocións e de fantasías a través de debuxos e doutras producións, utilizando diferentes técnicas e materiais. -Recoñecemento de sons do medio, identificando a súa procedencia. -Exploración e recoñecemento das posibilidades sonoras dalgúns instrumentos musicais. -Audición interesada de obras musicais, identificando os seus ritmos. -Participación e gozo na interpretación de cancións, de xogos musicais e de danzas. 	<p>Linguaxe audiovisual e tecnoloxías da información e da comunicación:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Iniciación no uso moderado dos medios audiovisuais e das tecnoloxías da Información e da Comunicación (teléfono, radiocasete, gravadora, vídeo, cámara de fotos, ordenador, etc.). -Aplicación do vocabulario específico. Achegamento a producións audiovisuais e valoración dos seus contidos. <p>Linguaxe artística:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Experimentación e descubrimento dalgúns elementos que configuran a linguaxe plástica (liña, cor, textura, forma, espazo, etc.). -Identificación das tonalidades: clara e escura das cores. -Obras de arte: observación, interpretación e gozo. -Expresión e comunicación de feitos e de emocións a través de producións plásticas. -Exploración das posibilidades sonoras da voz, do propio corpo, de obxectos cotiáns e de instrumentos musicais. -Discriminación de sons e dos seus contrastes. -O timbre dos instrumentos. -Participación activa e gozo na interpretación de cancións e de danzas. -Audición interesada de obras musicais.
---	--	---

Linguaxe corporal: -Descubrimiento e experimentación de xestos e de movementos como recursos corporais de expresión. -Participación en actividades de dramatización, danza e xogo simbólico.	Linguaxe corporal: -Descubrimiento e experimentación de xestos e de movementos como recursos corporais para a expresión e para a comunicación. -Participación en actividades de dramatización, danzas, xogo simbólico e outros xogos de expresión corporal.	Linguaxe corporal: -Utilización de xestos e de movementos corporais para a expresión e para a comunicación. -Representación de personaxes, de feitos e de situacións cotiáns. -Participación e gozo en actividades de dramatización, xogo simbólico e outros xogos de expresión corporal.
---	--	---

4.3.3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

4º CURSO	5º CURSO	6º CURSO
<ul style="list-style-type: none"> -Comprender e expresar oralmente ideas e sentimentos. -Recitar poemas e adiviñas. -Interpretar frases con imaxes e con pictogramas. -Realizar grafos. -Coñecer, utilizar e valorar algúns instrumentos tecnolóxicos. -Recoñecer e utilizar cores. -Valorar obras de arte. -Utilizar materiais para a expresión plástica. -Recoñecer sons do medio e de instrumentos musicais. -Cantar cancións e realizar xogos musicais. -Participar en danzas e en dramatizacións con agrado. 	<ul style="list-style-type: none"> -Expresar feitos reais ou fantásticos, sentimentos e emocións, mediante o uso da linguaxe oral. -Usar, axeitadamente e de forma progresiva, o vocabulario básico e o da Unidade con pronunciación clara e correcta. -Discriminar e interpretar palabras, imaxes e pictogramas, formar frases e lelas de forma comprensiva. -Realizar diferentes grafos seguindo a direccionalidade correcta. -Comprender o argumento de contos, de poemas, de adiviñas e reproducir algúns fragmentos. -Coñecer e usar de forma moderada algúns medios audiovisuais e tecnoloxías da Información e da Comunicación. -Identificar e nomear algún deles ou as súas partes. -Experimentar, manipular e descubrir algúns elementos plásticos, e técnicas e materiais diferentes. -Utilizalos para expresar emocións, sentimentos e situacións cotiás. -Coñecer e identificar as súas cores en elementos do medio. Experimentar con elas. -Coñecer e valorar diferentes obras de arte. -Recoñecer os sons do medio, identificando a súa procedencia. -Escoitar de forma interesada distintas obras musicais, identificando os seus diferentes ritmos. -Experimentar e explorar con gusto instrumentos e técnicas da linguaxe musical. -Desenvolver as habilidades expresivas da linguaxe corporal, experimentando e explorando con agrado as posibilidades expresivas do xesto e dos movementos. 	<ul style="list-style-type: none"> -Expresarse con claridade. -Escoitar e comprender mensaxes, relatos, producións literarias, descricións..., que lle permitan participar na vida da clase. -Discriminar o número de sílabas das palabras. -Discriminar sons semellantes. -Ler e interpretar imaxes, palabras, pictogramas e títulos de contos. -Amosar interese polos actos de lectura. -Utilizar a biblioteca e respectar os libros. -Coñecer e utilizar algúns medios audiovisuais e tecnolóxicos. -Distinguir entre realidade e ficción. -Facer un uso moderado dos medios e das tecnoloxías. -Expresarse a través de obras plásticas. -Identificar as tonalidades clara e escura das cores. -Utilizar diversas técnicas e materiais, e gozar con eles. -Observar e describir obras de arte. -Identificar a fonte de produción dalgúns sons e de instrumentos musicais. -Gozar do canto e da danza seguindo o ritmo. -Prestar atención ás audicións e gozar con elas. -Expresarse a través do corpo e dos movementos. -Participar nas dramatizacións e nas danzas con agrado. -Amosar unha actitude relaxada.

4.4. ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA-INGLÉS

4.4.1. OBXECTIVOS

- Entender que hai outros países no mundo, que falan outras linguas e que debemos respectalas igual que ás nosas linguas(castelán e galego).
- Aprender a saudar e despedirse na lingua estranxeira.
- Adquirir fórmulas para pedir e dar as grazas por algo.
- Dominar os nomes das cores e números en inglés.
- Saber os nomes do material que utilizan na aula na lingua obxecto de estudo.
- Aprender a presentarse
- Coñecer a festa de HALLOWEEN
- Coñecer costumes dos países anglosaxóns.
- Descubrir as tradicións en CHRISTMAS (NADAL).
- Coñecer os costumes e xogos que fan os ingleses en EASTER(Semana Santa).
- Saber nomes de animais a través dos personaxes do libro.
- Cantar o aniversario en inglés (HappyBirthday).
- escoitar historietas sobre os personaxes do libro.
- Cantar as cancións propostas.
- Coñecer algunha panxoliña en ingles (we wish you a merry Christmas, Christmas bells, Jingle bells).
- Mellorar a expresión oral optimizando a auxiliar de conversa

4.4.2. CONTIDOS

- Saúdo, despedida.
- Presentación da linguaxe, personaxes, etc.
- Cancións
- Tarxetas do conto
- Flashcards
- Exercicios para practicar a coordinación óculo-manual.
- Cores
- Números
- Posters

4.4.3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Entender de forma global as mensaxes que son curtas e sinxelas.
- Comprender e facer uso de expresións lingüísticas (curtas) e non lingüísticas (xestos, mímicas).
- Participar en interaccións lingüísticas nas que se estableza comunicación, coma en xogos, cancións, rimas...
- Mostrar interese pola Lingua Inglesa expresando producións curtas coma: hello!, bye-bye!.. .
- Mostrar unha actitude positiva ante unha lingua e cultura diferente á deles.

4.5. ÁREA DE RELIXIÓN CATÓLICA

4.5.1. OBXECTIVOS

- Descubrir e coñecer o propio corpo, regalo de Deus, promovendo a confianza e o desenvolvemento das súas posibilidades persoais.
- Observar as manifestacións do medio familiar, social e natural que expresan a vivencia da fe católica para sentirse membro da comunidade relixiosa á que pertence.
- Observar e describir elementos e relatos relixiosos cristiáns que permitan ao alumnado desenvolver os valores e actitudes básicas de respecto, confianza, alegría e admiración.
- Expresar e celebrar as tradicións, festas e aniversarios máis importantes, exercitando as primeiras habilidades motrices, para relacionarse cos demais e para acceder á oración, os cantos de loanza e o sentido das festas relixiosas.
- Favorecer a realización de actividades que promovan a participación, a cooperación e a xenerosidade como medio de expresar o amor de Deus e a fraternidade.
- Descubrir que os cristiáns chaman Pai a Deus, e saben que está con todos nós, quérenos e perdóanos sempre.
- Coñecer que Xesús naceu en Belén e é amigo de todos e todas e quérenos, morreu por nós e resucitou para estar con nós.
- Descubrir que a Virxe María é a nai de Xesús e tamén Nai de todos os cristiáns, que forman una gran familia.
- Respetar as persoas e cousas do seu arredor, coidalas e preocuparse delas, como Xesús fixo e nos ensina a facer.

4.5.2. CONTIDOS

- Corpo humano, obra de Deus Creador coa colaboración dos pais.
- Valoración da saúde como regalo de Deus. Medios que Deus nos ofrece para conservar a saúde: a proximidade das persoas que nos atenden e queren, alimentos, vestido e limpeza.
- Deus pide colaboración e respecto no coidado e uso da natureza e das cousas. Gratitude e admiración pola creación.
- Os símbolos relixiosos: a luz, a auga, o sal e o aceite.
- Deus e o noso Pai, cóídanos e invítanos a servir aos demais.
- Deus fala. A Biblia, o libro santo dos cristiáns. Admiración e coidado do libro que contén a palabra de Deus.
- Algúns textos importantes que se refiren, sobre todo, a Xesús e María (nosso pai, avemaría, e algunhas expresións relixiosas da nosa tradición cristiá).
- Algunhas palabras significativas para os cristiáns: Deus Pai; Xesús, o Fillo de Deus e amigo noso; a Virxe María, nai de Xesús e nai nosa; a Igrexa.
- Amor de Xesucristo. Relatos do nacemento, vida, morte e resurrección de Xesús.
- Xesús coida das persoas e preocúpase por elas. Algunhas pasaxes do evanxeo: a ovella perdida, as vodas de Caná, Xesús e os nenos.
- Diálogo con Deus: a oración do cristián. O home fala con Deus para escoitalo, pedirlle axuda e darlle grazas.
- Deus quere que nos amemos como el nos ama. As actividades diarias como medio para construír a vida familiar e as relacións cos demais, segundo o plan de Deus.
- A manifestación do amor cristián en xestos concretos: saudar, axudar, compartir as cousas, perdoar e ser perdoados, e axudar os compañeiros e compañeiras.
- A familia, lugar de descubrimento e experiencia relixiosa e cristiá. Somos os fillos e as fillas de Deus e parte da súa familia, a Igrexa. Expresións de agradecemento e alegría por pertencer a unha familia.
- Comportamento coas amizades, cos compañeiros e compañeiras da escola e as persoas do arredor.
- Valor do domingo como festa do Señor resucitado. Principais festas cristiás. O canto como expresión relixiosa de loanza, alegría e gratitude.
- Vocabulario, imaxes e edificios relixiosos próximos ao alumnado.

4.5.3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Saber observar os referentes relixiosos do seu arredor.
- Saber o significado das palabras con sentido relixioso máis usuais no seu propio vocabulario.
- Respectar os signos e símbolos relixiosos do seu arredor.
- Adquirir o gusto polo bo obrar.
- Apreciar os valores cristiáns que facilitan a convivencia.

5. COMPETENCIAS BÁSICAS PARA O 2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL

- Competencia en Comunicación Lingüística
 - Expresar ideas e sentimentos.
 - Comprender ordes e mensaxes.
 - Practicar a escoita activa e outras estratexias da linguaxe
 - Describir obxectos e imaxes.
 - Desenvolver a atención e a conciencia comunicativa.
- Competencia matemática
 - Situarse no tempo.
 - Clasificar formas, materiais, etc., dacordo a distintos criterios.
 - Desenvolver tarefas iniciativa, constancia e rigor.
- Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico
 - Amosar curiosidade por saber.
 - Prever posibles riscos e perigos.
 - Valoración dos compoñentes básicos do medio natural e algunhas transformacións.
- Tratamento da información e da competencia dixital
 - Uso de mecanismos de acceso á información.
 - Coñecer e valorar as posibilidades que ofrecen as TIC.
- Competencia social e cidadá
 - escoitar e participar de forma activa en situacións habituais.
 - Resolver conflitos mediante o diálogo.
 - Construír, aceptar e cumprir normas.
 - Relacionarse cos demais con respecto e colaboración.
 - Desenvolvemento da cooperación traballando en equipo.

- Competencia cultural e artística
 - Practicar con distintos materiais e con distintas técnicas.
 - Ser capaz de amosar sensibilidade, de comunicar sentimentos, emocións e pensamentos con diversas linguaxes.

- Competencia para aprender a aprender
 - Observar e explorar.
 - Coñecer e confiar nas súas posibilidades.
 - Recoller e rexistrar información.

- Autonomía e iniciativa persoal
 - Actuar con seguridade coñecéndose a si mesmo
 - Cumplir con responsabilidade as tarefas.

6. METODOLOXÍA

Dado que se conta cun ciclo que consta de 6 unidades y con 8 prazas de mestres/as creadas, é necesario establecer unha liña de traballo común baseada nuns principios metodolóxicos concretos e únicos para o ciclo.

Trátase de desenvolver aprendizaxes significativos, motivadores e funcionais, por ser estes aplicables e transferibles a situacións da vida real e a contextos diferentes daquel no que se aprenderon. Ademais traballase dende una perspectiva globalizadora, coordinándose as titorías co profesorado de apoio e especialistas.

Tal como recolle o Decreto 330/2009 do 4 de xuño polo que se establece o currículo na Comunidade Autónoma de Galicia ao referirse á PERSPECTIVA DIDÁCTICA, destaca o enfoque globalizador .

Este proceso será fructífero se permite establecer relacións e construír significados máis amplos e diversificados. Deste xeito, interrelaciónanse as tres áreas ou ámbitos de experiencia que forman o currículo organizando os contidos en unidades didácticas significativas para os cativos.

Aprender significativamente e con sentido permitirá aplicar o aprendido nunha situación a outras situacións e contextos.

Polo tanto, para aplicar unha metodoloxía baseada neste principio didáctico, teranse en conta varios requisitos, como detectar os coñecementos previos do alumnado; plantexar situacións que non sexan nin moi lonxanas nin moi cercanas ás súas experiencias para que se produza o conflito cognitivo.

Baseándose neste principio, desenvólvense nesta etapa traballos por proxectos que parten en múltiples ocasións dos intereses do alumnado e cóntase coa estreita colaboración das familias.

Resulta importante destacar o xogo xa que nestas idades inflúe no desenvolvemento afectivo, psicomotor, social, cognitivo e lingüístico, de aquí que afecte ao crecemento global e harmónico.

A través do xogo a cativada achégase ao coñecemento do medio que lle rodea, ao pensamento e ás emocións. Polo seu carácter motivador, creativo e placenteiro, o xogo vai ter unha importancia clave na educación Infantil. Potenciarase o xogo autónomo, tanto individual coma en grupo, xa que a interacción cos demais constituirá un importante recurso metodolóxico que lles axuda no seu proceso social, afectivo e intelectual.

Especial importancia téñen os espazos e a súa distribución. Este centro, que é de recente construción, téñen aseos en tódalas aulas de educación infantil e por outra banda, as aulas están distribuídas por recantos para favorecer a autonomía. Nestes recantos atópase material axeitado a cada idade.

A distribución dos ESPAZOS deste xeito permite ao mesmo tempo respectar distintos ritmos de actividade e descanso.

.En canto aos AGRUPAMENTOS lévanse a cabo actividades en gran grupo, coma por exemplo, asembleas, lectura de contos, explicacións, obradoiros, cineforum, contacontos en familia...., actividades en pequeno grupo, como traballos en parellas realizando unha tarefa concreta, e actividades individuais, que resultan un excelente recurso para relacionarse o profesorado co neno/a ademáis de estimular a autonomía.

(*) Este curso por mor da situación sanitaria, os agrupamentos tratan de ser “grupos burbulla”, limitando moito as interaccións tanto entre o alumnado coma co resto da comunidade educativa.

O TEMPO é unha parte imprescindible dentro da acción educativa. O tempo, debe ser entendido, nesta etapa, como un instrumento útil para a organización da vida escolar así coma un elemento que contribúe ao proceso de construción persoal dos nenos e nenas.

As rutinas arredor da comida, hixiene, xogo, actividades, entradas e saídas, recreo... constitúen un recurso educativo de primeira orde xa que ofrece un marco estable e seguro.

É imprescindible un equilibrio entre tempos definidos pola persoa adulta e tempos nos que os nen@s poidan organizar libremente a súa actividade, dando oportunidade para iniciar-desenvolver-rematar os seus propios xogos.

Tamén se considera fundamental favorecer o **FOMENTO DA LECTURA**, e será por iso que tanto a través da biblioteca de aula, da biblioteca de centro, da lectura de contos, da concreción do plan lector ou da realización de diversas actividades tratarase de estimular a adquisición de hábitos de lectura, o uso da biblioteca, o coidado dos libros e o achegamento á literatura infantil, contribuíndo ao mesmo tempo a desenvolver a competencia lingüística. Esta idade fai moi sinxelo fomentar o gusto pola lectura a través dos contos e tamén a través dos materiais que se elaboran nos traballos por proxectos. As TIC contribuen a mellora deste obxectivo.

Dende a BIBLIOTECA do CENTRO concretamente ponse en marcha o **PDI (Proxecto Documental Integrado)** que este ano xira ao redor da temática da oralidade e titúlase “Contáronmo na casa”, en coherencia co lema das bibliotecas escolares de Galicia “A BIBLIOTECA ESCOLAR TÉN A PALABRA”

Considérase tamén que a introducción do plurilingüismo e dunha **LINGUA EXTRANXEIRA**, neste caso o inglés, cunha hora semanal na que desde un punto de vista lúdico se inician no uso oral é moi satisfactorio para o alumnado de infantil.

No curso 2019-2020 quedou implantado o PROGRAMA PLURILINGÜE EN TODA A ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL dunha maneira integrada e globalizadora.

O desenvolvemento do programa plurilingüe ten como principal obxectivo a iniciación á aprendizaxe dunha lingua estranxeira. Por este motivo, os obxectivos así como os contidos que se queren adquirir serán específicos da área “Linguaxes: Comunicación e representación”. Dentro desta área o proxecto plurilingüe na etapa de Educación Infantil ten como obxectivo desenvolver nos alumnos/as algunhas das destrezas mencionadas nos obxectivos específicos para a área de Linguaxes. Levarase a cabo nunha sesión semanal de 50 minutos. Contarase nesta sesión coa presenza de auxiliair de conversa.

Tamén se incluírán sesións de **ROBÓTICA** na etapa de Infantil para pouco a pouco ir iniciando aos nenos/as neste ámbito. Úsanse beebots.

7. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

As propostas educativas para atender a diversidade basearanse en principios inclusivos, integradores e non discriminatorios.

Serán os mestres/as que imparten directamente nun aula os encargados/as de detectar a través da observación as posibles dificultades dentro do grupo (sempre e cando non se estableceran xa por parte da familia á hora de matricularlo) e poñelo en coñecemento do departamento de orientación do centro para tomar as medidas oportunas (realización de informes, orientacións ao titor/a, reforzo educativo, adaptacións curriculares...).

Posto que a etapa de infantil é unha etapa de nenos e nenas de curta idade, amósanse con frecuencia moitas dificultades en torno a autonomía e a nivel lingüístico, polo que sería moi conveniente a existencia dun programa de estimulación a linguaxe nas aulas impartido polos profesorado especialista en AL. Tamén en moitas ocasións para tratar casos particulares se solicita a través do departamento de orientación a axuda do profesorado de AL e de PT do centro.

8. MATERIAIS E RECURSOS

Materiais educativos (tanto educativos como de xogo) son aqueles elementos ou obxectos de calquera orde cos cales nenos e nenas interactúan e xeran aprendizaxes.

O material convértese nun importante instrumento para a acción e para o establecemento de relación orientado cara á construción e reorganización do coñecemento, tanto do mundo físico coma do emocional ou social. O valor do material reside nas posibilidades de acción, manipulación, experimentación e conflito que proporcione, segundo a intencionalidade educativa e dos obxectivos previamente definidos.

Para a selección e uso dos materiais educativos e equipamento débese ter en conta:

- Que apoiem a actividade infantil promovendo investigación, indagación, exploración...
- Que sexan polivalentes e permitan realizar diferentes accións, usos e experiencias en función dos distintos intereses de quen os utilice e adecuarse aos variados ritmos dos membros do grupo.
- Deben ser variados, orientados ao desenvolvemento de todos os planos que integran a personalidade infantil (motor, sensorial, cognitivo, lingüístico, afectivo e social)

- Deben ser elementos da vida cotiá da comunidade, útiles, ferramentas... que poderán ser utilizados baixo supervisión de persoas adultas.

A escola debe exercer un papel compensador no acceso á manipulación e utilización de certos obxectos e materiais, xa que non todo o alumnado procede do mesmo contexto sociocultural. A biblioteca do centro é un medio para compensar as desigualdades que puideran xurdir.

A organización e disposición dos materiais na aula debe facilitar a autonomía e independencia dos nenos/as así coma a creación de hábitos de orde.

Na aula contamos con materiais moi diversos:

- CDs, contos, cancións, música clásica, música de relax...
- Xogos didácticos: puzzles, ensartados, dominós...
- Xogos simbólicos: cociña, supermercado, bonecas...
- Fichas, láminas, pictogramas, murais, carteis, calendario do tempo...
- Mascotas do método
- EDI e proxector
- Ordenador (dous por aula)
- Ceras grosas, delgadas, rotuladores...
- Papeis de distintos tipos, texturas, cores...
- Beebots en todas as aulas.
- Mesas de luz en todas as aulas.
- Material ABN
- Mesa de luz en cada aula.

Para acadar os obxectivos marcados no novo currículo de Educación Infantil de Galicia(D.330/ 2009 do 4 de xuño) elegimos como materiais de traballo os seguintes:

- Para o achegamento á **lectoescritura** elíxese o método de “Molalaetra de Edelvives en 6º de E.I, nos demais niveis trabállase de maneira globalizada cos proxectos de aula e con secuencias didácticas a través dos contos.
- A **escritura** trabállase coa pauta Montessori en coordinación co primeiro ciclo de Educación Primaria. Para a grafomotricidade úsase o método da Espiral máxica de Vicens Vives en 6º de infantil e Molalaetra 3 en 5º.
- O achegamento á **lóxica-matemática** trátase cos distintos xogos e actividades da vida cotiá da aula e refórzase cos cadernos do Método ABN da editorial ANAYA en 4º,5º e 6º de Educación Infantil
- **Relixión Católica** : LANIKAI Galicia de Vicens Vives para 3, 4 e 5 anos.
- **Alternativa a Relixión** : Lecturas para crecer de Edelvives en 4º e 5º de Educación Infantil.

- Tráballase a **lingua inglesa** mediante xogos cancións e movemento en 4º de educación infantil e co método ,”Amanda and friends”de Editorial Santillana en 5º e 6º de educación infantil
- **O plurilingüismo** implantado en toda a etapa de Educación Infantil. Impárteo unha mestra con perfil plurilingüe compartida co CEIP O Couto e co CEIP Mestre Vide, sempre asociado a música e movemento.

Ademais desto realízanse pequenos proxectos segundo xurdan temas que sexan de interese.

Outros recursos materiais:

- Dispónse de impresoras de cor e branco e negro
- Cóntase con cámaras de fotos e cámara de video.
- EDIs na aula de informática..
- 6 unidades de Beebots para robótica.
- Material ABN na biblioteca.
- Biblioteca de aula con recursos variados.

Cabe sinalar, ademais, a posibilidade de utilizar tódolos recursos que o centro dispón en espazos de uso común, tales coma: a biblioteca escolar, as aulas de música, psicomotricidade, relixión e de informática.

9. PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación no segundo ciclo de educación infantil será global, continua e formativa. Empréganse como principais técnicas de avaliación a observación directa e sistemática, a análise das producións das nenas e dos nenos, os rexistros e as entrevistas coas familias, tal e como se recolle na orde 25 de xuño de 2009.

Para levar a cabo este proceso tense en conta os obxectivos plantexados e os criterios de avaliación.

A coordinación do proceso de avaliación da aprendizaxe do alumnado corresponderalle a titora, que recollerá a información proporcionada polos outros profesionais que participan no proceso educativo de cada grupo, de maneira especial nas sesións de avaliación trimestrais e sempre que a situación o requira.

A valoración do proceso de aprendizaxe expresarase en termos cualitativos, recollendo os progresos efectuados polas nenas e nenos e, se é o caso, as medidas de reforzo e adaptación levadas a cabo.

Infórmase periodicamente ás familias do desenvolvemento do proceso educativo dos discentes, tanto a través das titorías como do boletín trimestral.

O profesorado avalia tanto as aprendizaxes do alumnado coma os procesos de ensino e a súa propia práctica docente.

O proceso de avaliación organízase en:

- Avaliación inicial. Realízase ó inicio de cada curso ou cando un discente se traslade dun centro a outro. A titora elabora o informe da avaliación inicial de cada discente.

- Avaliación continua. Realízase ó longo do ciclo, e de forma continua, co fin de axustar a intervención educativa para estimular o proceso de aprendizaxe.

- Avaliación final. Realízase ó remate de cada curso e de maneira especial ao remate do ciclo.

Neste intre a titora elaborará o informe anual de avaliación individualizado, no cal se reflectirán os datos máis relevantes do proceso de avaliación continua. Dito informe recollerá o grao de consecución dos obxectivos establecidos, así como as medidas de reforzo e adaptación que, se é o caso, fosen empregadas.

Polo tanto, en referencia aos procedementos e instrumentos de avaliación podemos nomear a modo de exemplos algúns que imos empregar ao longo do curso:

- Cuestionario inicial para obter información de cada neno/a sobre datos persoais, familiares, físicos, psicomotrices, de linguaxe, sono, alimentación, autonomía...
- Observación directa e sistemática.
- Rexistro diario de incidencias.
- Diálogo cos nenos e nenas.
- Valoración das actividades e o traballo realizado ao longo das distintas unidades didácticas e dos proxectos desenvolvidos ao longo do curso
- Observación do comportamento dos nenos/as.
- Rúbricas.

En cada unidade e proxecto propóñense actividades concretas para avaliar as aprendizaxes adquiridas.

10. CRITERIOS DE PROMOCIÓN

- A promoción do segundo ciclo de educación infantil ao primeiro ciclo de educación primaria será automática, con carácter xeral.
- A decisión de promoción do alumnado con necesidades educativas especiais e do alumnado con altas capacidades intelectuais realizarase de acordo coa normativa vixente.
- Os nenos e nenas poderán permanecer no segundo ciclo da educación infantil, excepcionalmente, un ano máis dos tres que constitúen o mesmo, cando o ditame de escolarización así o aconselle e previa autorización expresa da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Trabállase mediante unidades didácticas ou pequenos proxectos actividades como:

- Samaín
- Magosto
- Festival Nadal
- Día da Paz
- Entroido
- Día do libro.
- Letras galegas

No mes de Abril-Maio o alumnado de 6º visita á biblioteca de San Francisco, sempre que a situación sanitaria o permita.

Ao longo do mes de MAIO realízanse as excursións de fin de curso. Este ano non están programadas.

Tamén se fai a solicitude das actividades que oferta o concello e que son de interese para o noso alumnado.

12. CONCRECIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

Cóntase no centro cun plan de convivencia onde se recollen os principais obxectivos que se marca o centro para unha mellora da convivencia escolar:

- Fomentar a convivencia no Centro e entre os membros da Comunidade Educativa.

- Contribuír á información e sensibilización da Comunidade Educativa sobre a importancia dunha boa convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala.
- Desenvolver estratexias para a prevención de conflitos e a resolución pacífica dos mesmos.
- Potenciar a consecución da non violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.
- Prover á comunidade educativa de recursos para a prevención e xestión de conflitos.
- Favorecer a igualdade entre nenos e nenas.
- Desenvolver proxectos de educación emocional e de educación saudable.

Na etapa infantil é cando os nenos/as comezan a formar parte do centro educativo, polo tanto debe comezar nesta etapa a súa participación nunha boa convivencia escolar, primeiro no período de adaptación onde haberá un primeiro contacto coa tolerancia, o respecto e o diálogo.

Sábese que nesta etapa existe un forte egocentrismo (principal característica dos alumnado desta idade) que provoca en moitas ocasións conflitos á hora de compartir. Por iso, é preciso marcar unhas normas co consenso de todos e todas, prácticas e asequibles a estas idades.

O profesorado responsable do ciclo debe procurar que estas normas garantan unha serie de aspectos que son básicos para unha boa convivencia:

- Fomentar a socialización partindo de que todos son iguais.
- Aprender a poñerse no sitio do outro.
- Colaborar e compartir experiencias en grupo.
- Dialogar e tratar de comprender outras posturas.
- Asumir as normas que elaboradas entre todos/as.

13. PLAN DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN

No decreto 330/2009 do 4 de xuño, recóllese como un dos fins de educación infantil “achegarse, na medidas das súas posibilidades, ao uso das tecnoloxías da información e da comunicación”.

A escola non pode permanecer á marxe das NOVAS TECNOLOXÍAS DA COMUNICACIÓN, é por isto que terase en conta o plan de integración das TICS nas actividades diarias. Cóntase na aula cun ordenador como recanto fixo

onde se realizan actividades a través de sinxelos programas informáticos, ademáis serve de lugar de información cando se aborda algún proxecto.

Cóntase tamén cun EDI, así como dvds co que se intenta que o alumnado se sinta membro activo e integrado na sociedade tecnolóxica. Polo tanto, é importante empezar esta preparación dende os primeiros niveis educativos.

Os contidos que se desenvolven cos nenos/as a través destas novas habilidades e destrezas, poden ser: manexo do rato, desfrute co uso do ordenador, cores, algúns conceptos espaciais, sons e instrumentos musicais, series, tamaños, figuras, números, letras, busca de información sobre o proxecto a traballar

Por outra banda atópase, nos indicadores específicos observables na E.I. recollidos pola Xunta no programa XADE os seguintes:

- Demostra interese e gusto polas actividades nas que se empregan as TIC.
- Fai uso das tecnoloxías da información e da comunicación, na procura de información para o desenvolvemento de proxectos na aula.
- Fai uso do ordenador na produción de textos, a través de programas de edición de textos.
- É quen de prender e apagar o ordenador.
- Manexa o rato do ordenador.
- Identifica e usa as iconas para acceder aos programas.
- Recoñece a utilidade do escáner.
- É quen de imprimir unha creación.
- Recoñece a utilidade da cámara fotográfica como ferramenta para captar a realidade.
- Utiliza, na medida das súas posibilidades, as ferramentas tecnolóxicas como medios de expresión.
- Fai un uso moderado das ferramentas tecnolóxicas.

Trátase de ir introducindo os nenos/as nestes aspectos a través do:

- Recuncho do ordenador da aula.
- Emprego do ordenador como ferramenta para a busca de información en internet.
- Valoración do ordenador como ferramenta de busca e préstamo de libros na biblioteca.
- Recoñecemento de letras no teclado e creación de escritura espontánea a través do mesmo.
- Impresión de fichas e debuxos na impresora.
- Emprego da cámara fotográfica na vida da aula e do centro.

- Visionado de videos e documentais empregando as novas tecnoloxías
- Portátil e canón de video, megafonía...
- Emprego da pizarra dixital.
- Mesa de luz
- Robots e beebots

Aínda que os recursos son moitos e as aulas están ben dotadas, pódese seguir mellorando: non se conta con acceso a un escáner para o emprego total e exclusivo do alumnado, tampouco se conta cunha impresora por aula (polo que se fai difícil que os nenos/as vexan como funciona exactamente). A aula de informática está adaptada para os nenos/as de infantil.

Por todas estas razóns considérase que será de gran importancia a colaboración coas familias, moitas das cales dispón de tecnoloxías deste tipo nas súas casas, para que os seus fillos/as dispoñan de información de primeira man sobre o uso destes aparellos tecnolóxicos, que por outra banda se irán introducindo cada vez máis, e na medida do posible, na vida do centro e da aula de infantil.

14. ACTIVIDADES PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO LECTOR NO CENTRO

As actuacións nas aulas de educación infantil céntranse fundamentalmente no traballo de aspectos de maduración precisos para abordar sen agobios e con garantías o ensino da lectura e a escritura: percepción visual, fonoloxía, estruturación espacial, lóxica, memoria, codificación semántica, psicomotricidade específica, comunicación verbal... Nun segundo momento, e respectando o ritmo madurativo do alumnado, abordarase a iniciación da alfabetización. Os principais grupos de accións a desenvolver son os seguintes:

- Actividades relacionadas coa imaxe:
 - Comprensión de símbolos e imaxes en pictogramas.
 - Observación e descrición de láminas, diapositivas...
- Actividades relacionadas con contos:
 - Cántame un contiño: un neno conta un conto sobre o que se traballan as técnicas Rodari.
 - Actividades de comprensión sobre os contos.
 - Servizo de préstamo de libros da biblioteca de aula aos nenos e nenas.
 - Beebots: para estimular a comprensión.
- Actividades relacionadas con distintos tipos de texto:
 - Aprender refráns, escribilos e facer un libro con eles.
 - Aprender poesías, escribilas e facer un libro con elas.

- Aprender trabalinguas, escribilos e facer un libro.
 - Lectura colectiva en libros, ordenador, EDI.....
 - Lectura de etiquetas (os nomes dos nenos, os apelidos, nomes de cousas...)
 - Lectura de notas diversas: publicidade, anuncios...
- Actividades relacionadas coas novas tecnoloxías:
- Audiocontos
 - Visionado de contos no EDI e posteriores actividades interactivas
 - Búsqueda de información
 - Actividades no encerado dixital.
 - Lectura con Beebots
- Realización de proxectos, nos que especificaremos:
- Título
 - Obxectivos xerais e específicos.
 - Contidos.
 - Actividades.
 - Materiais e recursos.
 - Criterios de avaliación.
- Actividades para o ensino sistemático da lectura e da escritura, atendendo ao nivel madurativo de cada alumno/a e seguindo un método fonético-xestual para lograr os automatismos de transformación grafema-fonema e chegar ao recoñecemento de palabras escritas. Esta metodoloxía complétase con outras estratexias, de carácter global, que facilitan o uso da rota visual da lectura e a comprensión lectora: lectura logográfica, traballo con palabras e frases enteiras, exposición de palabras polos espazos da aula, unión de palabras e imaxes...

En infantil non é posible separar as actividades específicas de ensino da lectoescritura daquelas outras actividades destinadas á animación lectora. Se houberse que separalas repetiríanse moitas nun e noutro grupo. Con todo, podemos sinalar algunhas máis próximas a esta categoría:

- Contacontos por parte das familias dos nenos, editoriais, profesorado (*) *condicionadas a evolución da pandemia...*
- Utilización das técnicas Rodari tras escoitar os contos, con actividades coma: traballar coa portada (inventando historias cos datos que aparecen nela), xogar co título (creando títulos alternativos), facer predicións do que pode pasar e propoñer finais alternativos, mesturar

personaxes de diferentes contos coñecidos, cambiar o rol ou a personalidade dos personaxes, et.

- Préstamo de libros ao alumnado.
- Recursos TIC no blog de aula.
- Desenvolvemento da “Hora de ler”, centrada en actividades diversas arredor dos contos, no mesmo horario que se segue no resto do centro.